

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	Cuntis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Desde a materia de Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 3º de E. Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propias da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía

cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vivo con responsabilidade!	Traballaremos a Creación desde a perspectiva da fermosa tarefa de vivir con responsabilidade, coidando do mundo que nos rodea A misión de Noé	14	5	X		
2	Son de Reli!	Os Sacramentos Personaxes amigos de Deus. Alianza do pobo de Deus	14	5	X		
3	Chega Advento! Xa me quero preparar para o Nadal!	Calendario litúrxico. Tempo de Advento e Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén) Panxoliña para agasallar na nosa visita ao xeriátrico	18	6	X		
4	A mirada de Amor de Xesús!	Xesús e os demais. As situacións inxustas vistas desde a	14	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A mirada de Amor de Xesús!	solidariedade e o Amor de Xesús Espazos de convivencia agradable e inclusiva. Lecturas de fragmentos sobre Xesús no patio para gozar da beleza da natureza	14	5		X	
5	Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús!	Identifico os símbolos do calendario litúrxico e dos sacramentos Na Semana Santa, a paixón de Xesús Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua	14	5		X	
6	Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa!	Relatos bíblicos sobre os apóstolos de Xesús. A súa misión A misión da Igrexa Reflexionamos sobre as vocacións	14	5			X
7	Celebramos en comunidade!	Unidos a Deus celebramos a Vida e a misión da Igrexa Os primeiros cristiáns. A solidariedade entre eles. Finaliza o curso, expresión de alegría porque formamos parte desta comunidade! Coidamos o que nos rodea. Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	12	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vivo con responsabilidade!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar	PE	31
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa.	TI	69
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común.

UD	Título da UD	Duración
2	Son de Reli!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximas, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos	TI	100
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Chega Advento! Xa me quero preparar para o Nadal!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dalle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando súa achega á identidade do lugar		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús	TI	100
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
4	A mirada de Amor de Xesús!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús	PE	25
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza	TI	75
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
5	Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade...	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando súa achega á identidade do lugar		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
6	Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa.	PE	33
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús	TI	67

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, , valorando súa achega á identidade do lugar		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
7	Celebramos en comunidade!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos	PE	27
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiás e mesmo de outras relixións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza	TI	73
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade...		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesús nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promócióname unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar o significado do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En relixión os alumnos/as iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que

impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma. Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber. Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non pode realizar só/soa, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

- Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.
- Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender. Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas ¿
- Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía
- Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.
- Terei en conta as características persoais de cada alumno/a.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso tras a recuperación da pandemia por Covid-19, estableceremos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso, seguindo o indicado nos protocolos COVID, se os seguise a haber, e, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC)
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán os máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

*Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, cadeiras, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

*Material non específico: Estarán presentes nas aulas, elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educación para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar os seus propios xogos ou adornos.

*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías, ...

*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras, ...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PDI.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	18	14	14	14	12	100
Proba escrita	31	0	0	25	0	33	27	16
Táboa de indicadores	69	100	100	75	100	67	73	84

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- a) Parte actitudinal: 45%
 - Aproveitamento do tempo.
 - Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.
 - Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as
 - Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais...)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 32%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de *avaliación continua*, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Cráterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitaré axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste dos cocientes (ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non

discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña máis ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual e TAC	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer		X	X	X	X	X	X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ámbolos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para a aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- * Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral e escrita, positivas
- * Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- * Educación emocional e en valores
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Belén móbil	Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao xeriátrico			
Lecturas felices no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos			
Busca do tesouro da Semana Santa e Pascua	Prepararei unha busca do tesouro de momentos importantes da Semana Santa e Pascua que logo debemos ordenar, con premio para todos ao finalizar a sesión			

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Traballo en equipo con outros mestres/as
Emprego de ferramentas TIC
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Tento facer clases amenas e motivadoras
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Implico as familias
Utilizo medidas de atención á diversidade
Avalío constantemente miña propia práctica docente

Descrición:

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes, polo tanto

ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso. Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

*Observación directa e sistemática: como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo?

*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en:

- Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

- Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

- Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo

- Traballo cooperativo

- Manualidades, pasatempos

- Xogos de mesa, de creatividade,

- Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, ...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

Con casos de alumnado con necesidades existe a posibilidade de facer axustes de rateos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como

individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 2º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a saiba se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto.
- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

* Aos alumnos.

* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados